RESOLUCIÓN 11/2026 – Concesión Aparcadoiros

En Pleno

D. Daniel Neira Barral, Vogal/Secretario
Dª. Mª Teresa Cancelo Márquez, Vogal

Ante a ausencia de D. Ignacio López-Chaves Castro, presidente da CGC, actúa como presidente D. Daniel Neira Barral, conforme ao artigo 4 do regulamento de réxime interior da CGC; conforme ao artigo 5 do mesmo regulamento o Pleno acorda designar como Secretaria para este Pleno a Dª. Mª Teresa Cancelo Márquez,

En Santiago de Compostela ao 25 de setembro de 2026

A Comisión Galega da Competencia (CGC) coa composición arriba indicada e sendo relator D. Daniel Neira Barral dita a presente Resolución en relación co Expediente: D 15 2024 (CNR GAL 42-19 24 Concesión Aparcadoiros Vigo), o cal tivo orixe nunha comunicación de data 25 de Outubro de 2024 da Dirección de Competencia da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia (CNMC) na que remitiu á Subdirección de Investigación da Comisión Galega da Competencia (SUBDIC), información da representación das mercantís MOPAVI S.L., VITALVIGO APARCAMIENTOS S.L., ÁBSIDE CONSTRUCCIONES DE LA SIERRA S.L. e INVERSIONES VIGOGÓMEZ S.A. en relación á Sentenza do Tribunal Superior da Xunta de Galicia (TSJG) do 20 de marzo de 2023.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

Índice

1.- ANTECEDENTES DE FEITO....3
2.- INTERESADOS....4
3.- MERCADO AFECTADO....5
3.1.- Mercado de Producto....6
3.2.- Mercado xeográfico....7
4. FUNDAMENTOS DE DEREITO....8
4.1. Competencia para Resolver....8
4.2.- Obxecto da resolución e proposta do órgano instrutor....9
4.3.- Valoración do Pleno....10

1.- ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data 25 de Outubro de 2024, a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) remitiu comunicación á Subdirección de Investigación da Comisión Galega da Competencia (SUBDIC), no marco da cooperación non regulada entre os órganos de defensa da competencia. Coa devandita comunicación a CNMC acompaña un escrito presentado pola representación das empresas MOPAVI S.L., VITALVIGO APARCAMIENTOS S.L., ÁBSIDE CONSTRUCCIONES DE LA SIERRA S.L. e INVERSIONES VIGOGÓMEZ S.A.

SEGUNDO.- Nese escrito co título "Info: Vulneración competencia empresas e dereitos dos consumidores" indícase que se anexan "(...) varias publicacións de prensa (algunha do propio Faro de Vigo), en relación á sentenza do TSXG (anexo) que deveu firme tras a inadmisión do recurso de casación ao TS e cuxa execución se está eludindo polo Concello de Vigo, a pesar de que fai máis dun ano que xa coñecía a sentenza e anunciouse que os seus servizos xurídicos estudarían a mellor forma de proceder ao seu cumprimento." A sentenza á que se refire é a do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSJG) do 20 de marzo de 2023.

Tamén se afirma, en relación con esa sentenza, que "O Concello de Vigo demora inxustificadamente a execución que ten ordenada pola sentenza do TSXG e segue permitindo que a UTE Eloymar Tranvías siga xestionando os 3 aparcadoiros (ten outros 4 en réxime de concesión, 2 deles a través de UTEs cos mesmos socios), cando xa non tería licenza, dado que a concesión da licenza foi declarada nula de pleno dereito e, por tanto, podería ter efectos retroactivos."

TERCEIRO.- De acordo ao indicado na comunicación, a CNMC analizou o asunto e concluíu que a situación exposta non excedería do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que en aplicación da Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de Coordinación das Competencias do Estado e as Comunidades Autónomas en materia de Defensa da Competencia as accións para desenvolver corresponderían á Autoridade autonómica galega.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

CUARTO.- Como sinala a SUBDIC na súa Proposta "En esencia, a denuncia versa sobre a falta de execución do contido do fallo da sentenza que anula os acordos municipais polos que se adxudica o lote 1 do contrato de xestión do servizo público de aparcamentos subterráneos de uso mixto por parte do Concello de Vigo".

QUINTO.- Con data 30 de xullo de 2026 a SUBDIC remite ao Pleno da CGC copia do expediente e escrito no que comunica poñer fin ás actuacións previas desenvolvidas e propón ao Pleno da Comisión Galega da Competencia que acorde non incoar os procedementos derivados da presunta realización das condutas prohibidas por esta lei ou polos artigos 101 ou 102 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea e o arquivo das actuacións referidos no expediente CNR GAL42-19 24 Concesión Aparcadoiros Vigo por non existir indicios fundados de infracción, nos termos previstos polo artigo 49.3 LDC.

SEXTO.- Con data 3 de agosto de 2026 o Pleno da CGC acordou designar como relator neste asunto ao vogal Daniel Neira Barral.

SÉTIMO.- Con data 25 de setembro de 2026 o Pleno reúnese para tomar este acordo.

2.- INTERESADOS

COMISIÓN NACIONAL DOS MERCADOS E A COMPETENCIA

A Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) é o organismo que promove e preserva o bo funcionamento de todos os mercados, en interese dos consumidores e das empresas. É un organismo público con personalidade xurídica propia, independente do Gobierno e sometido ao control parlamentario. De acordo co disposto no art. 2 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da CNMC (LCNMC), é unha entidade con personalidade xurídica propia e plena capacidade pública e privada, ten a súa sede principal en Madrid e está adscrita ao Ministerio de Economía, Comercio e Empresa. Actuará no desenvolvemento da súa actividade e para o cumprimento dos seus fins con autonomía orgánica e funcional, plena independencia das Administracións

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

Públicas, e sometemento a esta Lei e ao resto do ordenamento xurídico. A Lei 1/2002 establece no seu artigo 5.3 que, ao obxecto de procurar a aplicación uniforme da LDC, o Servizo de Defensa da Competencia (actualmente, Dirección de Competencia, da CNMC) poderá comparecer, en calidade de interesado, nos procedementos administrativos tramitados polos órganos de defensa da competencia das Comunidades Autónomas.

3.- MERCADO AFECTADO

Como sinala a Comisión Europea na Comunicación C/2024/16451[1] a definición de mercado é unha ferramenta que utiliza a Comisión para determinar e definir os límites da competencia entre as empresas, sendo o seu principal obxectivo determinar de forma sistemática as presións competitivas efectivas e inmediatas ás que se enfrontan as empresas afectadas cando ofrecen certos produtos nunha zona determinada. A definición de mercado permite identificar aos principais competidores das empresas afectadas como oferentes dos devanditos produtos, así como aos correspondentes clientes. Unicamente os produtos que exercen unha presión competitiva efectiva e inmediata no período de tempo de referencia pertinente forman parte do mesmo mercado de referencia que as empresas afectadas, mentres que outras presións menos efectivas ou meramente potenciais, se consideran parte da avaliación da competencia. O obxectivo principal da definición de mercado é proporcionar un marco que estruture e facilite a valoración da competencia ao identificar de forma sistemática as presións efectivas e inmediatas da competencia ás que se enfrontan as empresas afectadas ao ofrecer determinados produtos a clientes nunha zona concreta. A noción de mercado tanto desde o punto de vista do produto como da súa dimensión xeográfica debe identificar a aqueles rivais que poden limitar o comportamento daquelas ou impedirlles actuar con independencia de calquera presión competitiva. Para determinar a forma na que se aplican os conceptos, a referida Comunicación afirma no apartado 12, que "segundo a xurisprudencia do Tribunal de Xustiza e do Tribunal Xeral da Unión Europea (en diante, «os tribunais da Unión») e a práctica casuística da Comisión, o mercado de

1 Comunicación da Comisión relativa á definición de mercado de referencia a efectos da normativa da Unión en materia de competencia. C/2024/1645 publicada no DOUE o 22 de febreiro de 2024.

referencia no que a Comisión valora a dinámica da competencia comprende un produto e unha dimensión xeográfica"

Por unha banda, o mercado de produto de referencia comprende a totalidade dos produtos (bens e servizos) que os consumidores consideren intercambiables ou substituíbles debido ás súas características ou ao seu prezo ou ao uso que se queira facer deles. Que a empresa teña a capacidade para impoñer as súas condicións no mercado, distorcendo a competencia prexudicando aos consumidores, vai depender das alternativas reais ou potenciais que existen nese mercado aos seus produtos, é dicir, dependerá da substituibilidade do produto ou servizo. E polo outro, o mercado xeográfico analiza se a zona na que as empresas afectadas desenvolven actividades de subministración dos produtos ou de prestación dos servizos de referencia son suficientemente homoxéneas e diferenciadas das zonas xeográficas máis próximas

3.1.- Mercado de Producto

O sector económico ao que corresponden os feitos denunciados é o CNAE H.5221: actividades anexas ao transporte terrestre. En particular, o correspondente ás actividades de explotación de aparcamentos en rotación. De acordo ao indicado pola CNMC[2] en atención aos precedentes nacionais[3] e comunitarios[4] referentes a este sector, cabería distinguir entre dous segmentos diferenciados dentro do mercado de xestión e explotación de aparcamentos. Por unha banda existiría un mercado de explotación de estacionamentos regulados en vía pública (ORA[5]) e, por outro, o mercado de explotación de aparcamentos de rotación[6] entre os que se incluiría o obxecto deste expediente. Para

2 C/1452/24 INDIGO/PARKIA.
3 Expedientes N-04061 CINTRA / ENGUISA; C-0201/09 INTERPARKING / METROPARK.
4 Entre outros asunto M.9367 MIROVA / PREDICA / INDIGO e asunto M.2825 FORTIS AG/AG SA / BERNHEIM – COMOFI S.A.
5 A Ordenanza Reguladora de Aparcamento (ORA), é unha ordenanza municipal existente en múltiples cidades de España que ten como obxectivo a regulación funcional, espacial e temporal dos estacionamentos de vehículos nas vías públicas deses municipios, a través do establecemento de certas zonas de aparcamento nas que o usuario debe adquirir un billete específico para o seu vehículo.
6 Como sinala a CNMC "No precedente comunitario M.9367 MIROVA/PREDICA/INDIGO propúxose unha distinción, de forma análoga, entre o segmento de aparcamentos "on-street" e "off-street", incluíndo este último todos aqueles aparcamentos situados en sitios diferentes a pé de rúa, tanto garaxes exteriores como interiores." C/1452/24 INDIGO/PARKIA.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

o mercado de explotación de aparcamentos en rotación distínguese entre aparcamentos de titularidade pública e privada (que pode ser de persoas físicas ou xurídicas e que poden ser xestionados en propiedade ou alugueiro). O outro segmento é o dos aparcamentos de rotación de titularidade pública que poden ter un carácter disuasorio (cando son gratuítos) ou ben poden contar con tarifas que normalmente son máis reducidas que as que ofrecen aparcamentos de titularidade privada. Dentro destes atópanse os explotados por entidades privadas en réxime de concesión, como sucede no presente caso.

3.2.- Mercado xeográfico

Con respecto ao ámbito xeográfico, no caso de precedentes de ámbito comunitario, a Comisión considerou que, como regra xeral, o mercado de operación de servizos de aparcamentos é local, neste caso o termo municipal de Vigo, posto que a demanda vén determinada pola intención do consumidor de aparcar o seu vehículo preto do seu lugar de destino[7] deixando, con todo, a definición xeográfica do mercado aberta. Tamén nos precedentes nacionais[8] se considerou que o mercado debe ser local se se ten en conta que, desde o punto de vista da demanda, os clientes finais normalmente consideran substitutivos os aparcamentos de pago que están dispoñibles nunha área próxima ao lugar onde desexan aparcar. Para iso poderíase analizar áreas de influencia, é dicir, áreas circundantes a cada aparcamento que reflictan unha determinada distancia ou tempo que está disposto a percorrer un consumidor abarcando alternativas que considere substituíbles.

7 Asunto M.2825 FORTIS AG/AG SA / BERNHEIM – COMOFI S.A., apartado 11.
8 Informe proposta do expediente C-0201/09 INTERPARKING / METROPARK, apartado 28 e seguintes: informe proposta do expediente N/04061 CINTRA / ENGUISA, sección V.2.

4. FUNDAMENTOS DE DEREITO

4.1. Competencia para Resolver

Con carácter preliminar é preciso destacar que conforme ao artigo 26.1 dos Estatutos do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, aprobados polo Decreto 118/2016, do 4 de agosto, a Comisión Galega da Competencia, como órgano colexiado independente, adscrito ao Instituto Galego do Consumo e da Competencia, é a encargada, da aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, segundo os criterios establecidos pola Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de coordinación de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia.

Así mesmo o art. 26.2 a) dos mesmos sinala que

> *"Correspóndenlle á Comisión Galega da Competencia as seguintes funcións: a) Instruír e resolver expedientes sobre condutas prohibidas pola Lei de defensa da competencia e de control de axudas públicas."*

O art. 33 dos referidos Estatutos dispón que:

> *"1. O Pleno da Comisión Galega da Competencia é o órgano colexiado de decisión en relación coas funcións da comisión en materia de competencia previstas no presente decreto.*
>
> *2. En particular, o Pleno da Comisión Galega da Competencia é o órgano competente para:*
>
> *(...)*
>
> *b) Resolver, por proposta da Subdirección Xeral de Investigación, os procedementos sobre condutas prohibidas polos artigos 1, 2 e 3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, de acordo coas previsións contidas no presente decreto:, incluída a aplicación do sistema de clemencia dos artigos 65 e 66 da mesma lei e a súa normativa de desenvolvemento."*

4.2.- Obxecto da resolución e proposta do órgano instrutor

O Pleno da CGC debe resolver se concorren os requisitos para acordar a non incoación e o arquivo das actuacións de conformidade co previsto no artigo 49.3 da LDC.

O artigo 49.3 da LDC dispón que o Consello (no noso caso o Pleno), a proposta da Dirección de Investigación (neste caso a proposta da SUBDIC), poderá acordar non incoar procedemento sancionador pola presunta realización das condutas prohibidas nos artigos 1, 2 e 3 da citada Lei e, en consecuencia, o arquivo das actuacións realizadas pola SUBDIC cando considere que non hai indicios de infracción.

O artigo 25.1 do RDC, en canto á iniciación do procedemento sancionador, dispón que se fará sempre de oficio pola SUBDIC, en virtude de propia iniciativa, por denuncia ou a iniciativa do Consello da CNMC (no noso caso o Pleno da CGC). O número 5 deste precepto regulamentario engade que a formulación en forma dunha denuncia non vincula á SUBDIC para iniciar un procedemento sancionador, e que a resolución do Pleno de arquivo das actuacións debe indicar os motivos polos que non procede a incoación do procedemento conforme o artigo 49 da LDC, que se comunicará ao denunciante.

O 20 de xullo de 2026, a SUBDIC remitiu proposta ao Pleno da CGC. No devandito documento propoñíase o arquivo das actuacións sen incoación pola inexistencia de indicios de infracción da LDC, todo iso co seguinte tenor literal:

> "De acordo ao exposto, esta Subdirección Xeral de Investigación ACORDA:
>
> Propoñer ao Pleno da Comisión Galega da Competencia que Acorde non incoar os procedementos derivados da presunta realización das condutas prohibida pola lei 15/2017 ou polos artigos 101 ou 102 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea e o arquivo das actuacións referidas no expediente CNR GAL 42-19 24 Concesión Aparcadoiros Vigo por non existir indicios fundados de infracción, nos termos previstos polo artigo 49.3 LDC."

4.3.- Valoración do Pleno

Este Pleno debe valorar se a denuncia de existencia sobre a falta de execución do contido do fallo dunha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que anula acordos municipais do Concello de Vigo pode constituír unha posible infracción da normativa de defensa da competencia contendida na Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, é dicir, se esta actuación podería infrinxir o artigo 1 (prácticas colusorias) ou o artigo 2 (abuso de posición de dominio) ou o artigo 3 (actos de competencia desleal que por falsear a competencia afectan ao interese público) ou varios deses preceptos simultaneamente.

Estas disposicións protexen a competencia efectiva en interese de todos aqueles que participan no mercado xa que o ben xurídico protexido polo Dereito da competencia é a libre competencia como institución nuclear de acordo coa regra contida no art. 38 da Constitución que recoñece a liberdade da empresa no marco da economía de mercado.

A) O artigo 1 da Lei 15/2007 dispón:

> *"Artigo 1. Condutas colusorias.*
>
> *1. Prohíbese todo acordo, decisión ou recomendación colectiva, ou práctica concertada ou conscientemente paralela, que teña por obxecto, produza ou poida producir o efecto de impedir, restrinxir ou falsear a competencia en todo ou parte do mercado nacional e, en particular, os que consistan en:*
>
> *a) A fixación, de forma directa ou indirecta, de prezos ou doutras condicións comerciais ou de servizo.*
>
> *b) A limitación ou o control da produción, a distribución, o desenvolvemento técnico ou os investimentos.*
>
> *c) A repartición do mercado ou das fontes de aprovisionamento.*
>
> *d) A aplicación, nas relacións comerciais ou de servizo, de condicións desiguais para prestacións equivalentes que coloquen a uns competidores en situación desvantaxosa fronte a outros.*

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

e) A subordinación da celebración de contratos á aceptación de prestacións suplementarias que, pola súa natureza ou conforme aos usos de comercio, non garden relación co obxecto de tales contratos.

2. Son nulos de pleno dereito os acordos, decisións e recomendacións que, estando prohibidos en virtude do disposto no apartado 1, non estean amparados polas exencións previstas na presente Lei. (...)

O art. 1 LDC prohibe as condutas colusorias, consistentes en acordos, decisións ou recomendacións colectivas, ou prácticas concertadas ou conscientemente paralelas, que teñan por obxecto, produzan ou poidan producir o efecto de impedir, restrinxir ou falsear a competencia en todo ou parte do mercado nacional.

Para incoar un expediente sancionador por infracción do devandito art. 1 LDC é necesario que existan polo menos indicios ou ben dun acordo ou ben dunha práctica concertada ou conscientemente paralela no que os operadores, de forma dolosa ou neglixente, concerten seguir unha determinada estratexia competitiva no mercado afectado.

No presente caso, a SUBDIC non observa que se producira ningún tipo de acordo ou unha coordinación paralela entre empresas no mercado que puidesen constituír unha infracción do art. 1 LDC, xa que o que se denuncia é a demora do Concello de Vigo na execución da referida sentenza do TSJG, polo que non se atopa comprendido dentro dos supostos do tipo sancionador previsto no art. 1 da LDC.

B) O artigo 2 da LDC indica que:

"1. Queda prohibida a explotación abusiva por unha ou varias empresas da súa posición de dominio en todo ou en parte do mercado nacional.

2. O abuso poderá consistir, en particular, en:

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

a) A imposición, de forma directa ou indirecta, de prezos ou outras condicións comerciais ou de servizos non equitativos.

b) A limitación da produción, a distribución ou o desenvolvemento técnico en prexuízo inxustificado das empresas ou dos consumidores.

c) A negativa inxustificada a satisfacer as demandas de compra de produtos ou de prestación de servizos.

d) A aplicación, nas relacións comerciais ou de servizos, de condicións desiguais para prestacións equivalentes, que coloque a uns competidores en situación desvantaxosa fronte a outros.

e) A subordinación da celebración de contratos á aceptación de prestacións suplementarias que, pola súa natureza ou conforme aos usos de comercio non garden relación co obxecto dos devanditos contratos.

3. A prohibición prevista no presente artigo aplicarase nos casos nos que a posición de dominio no mercado dunha ou varias empresas fose establecida por disposición legal."

Aínda que o art. 2 da LDC non define o que é posición de dominio, esta foise definindo en numerosas resolucións das autoridades de competencia[9] seguindo a xurisprudencia comunitaria[10].

A CNMC na súa Resolución do 29 de xullo de 2024[11] defínea como:

"(...) a situación de poder económico en que se atopa unha empresa e que lle permite impedir que exista unha competencia efectiva no mercado de referencia,

9 Resolución do Tribunal de Defensa da Competencias (TDC) do 2 de marzo de 1992, Expediente 393/91 Rand Xerox; Resolución TDC do 30 de setembro de 1999, Expediente Barcadi e Resolución TDC do 27 de xullo de 2020, Expediente Propiedade Intelectual Audiovisual, entre outras.
10 Sentenzas do Tribunal de Xustiza da UE United Brands C-27/76, Hoffman – A Roche C-85/76, Michelin, c-322/81 e Télémarketing, c-311/84.
11 Resolución do 29 de xullo de 2024 expediente S/0005/21 BOOKING.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

conferíndolle a posibilidade de comportarse cun grao apreciable de independencia fronte aos seus competidores, aos seus clientes e, en último termo, aos consumidores"

O Tribunal de Xustiza na súa sentenza do 9 de novembro de 1983 definiu o que se debe de entender como a posición dominante prevista no actual art. 102 do TFUE ao considerar como tal:

"(...) unha situación de poder económico por parte dunha empresa que lle permita impedir o mantemento dunha competencia efectiva no mercado relevante, outorgándolle a posibilidade de obrar en boa medida de forma independente con respecto aos seus competidores, aos seus clientes e, en última instancia, aos consumidores en xeral"[12]

A CNMC na súa Resolución do 30 de xullo de 2025 S/0011/23 EÓLICA DE ALFOZ, declara que: "A posición dominante dun operador virá, por tanto, determinada pola facultade deste de manter, de forma significativa, un comportamento independente respecto das súas fontes de presión competitiva"

No presente caso a SUBDIC indica que non observa que se producise ningún tipo de abuso de posición de dominio no mercado afectado que puidesen constituír unha infracción do art. 2 LDC, e este Pleno esta de acordo, xa que o que é obxecto da denuncia é a non execución dunha sentenza xudicial por unha administración pública.

C) O art. 3 da LDC (Falseamento da libre competencia por actos desleais) declara que:

"A Comisión Nacional da Competencia ou os órganos competentes das Comunidades Autónomas coñecerán nos termos que a presente Lei establece para as condutas prohibidas, dos actos de competencia desleal que por falsear a libre competencia afecten ao interese público."

12 Sentenza do TJUE do 9 de novembro de 1983 NV Nederlandsche Banden- Industrie-Michelin, asunto 322/81, apartado 30.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

O artigo 3 da LDC establece a prohibición de actos de competencia desleal que por falsear a libre competencia afecten ao interese público, polo que tutela o interese público de existencia de competencia efectiva nos mercados.

Do tenor literal do precepto dedúcese que incorren na devandita prohibición as condutas que cumpren, acumulativamente, os tres requisitos seguintes:

a) que constitúan un acto de competencia desleal;

b) que falseen a libre competencia; e

c) que afecten ao interese público.

A doutrina maioritaria considera que, desde un punto de vista substantivo, son necesarias para a aplicación do ilícito previsto no art. 3 da LDC a presenza de dúas condicións: un acto de competencia desleal que afecta ao interese público por falsear significativamente a competencia no mercado.

Como sinalamos nas Resolucións do 15 de novembro de 2024 (Expte. 9/2024 – Licitación servizos limpeza,desinfección e xestión residuos), do 8 de xullo de 2020 (Expte. 3/2020 – Arriva Noroeste S.L., na actualidade Arriva Galicia) e do 11 de novembro de 2021 (Expte- 3/2021, licitación Universidade de Vigo):

> "En moitas ocasións considerábase que para apreciar a concorrencia do ilícito do artigo 3 da LDC deberíase cualificar en primeiro lugar se se trataba dun acto de competencia desleal, para a continuación pasar a ver se afectaba ao interese público, de tal maneira que non concorrendo o primeiro xa non se analizaba o segundo. Con todo, desde hai anos tanto as resolucións da Autoridade Nacional da competencia (Resolución do TDC do 4 de decembro de 1998 Expte. R 332/98 Porvasal; Resolución da CNC do 13 de marzo de 2008 Expte. R 718/07 Portos de Andalucía; Resolución da CNC do 11 de marzo de 2008 Expte. S/0041/08 O teu billete; Resolución da CNC do 15 de decembro de 2011 Expte. S/0350/11 Asistencia na estrada, entre outras) como sectores da doutrina científica consideran que debe analizarse en primeiro lugar se a conduta investigada é apta para afectar o

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

interese público por falsear significativamente a competencia para despois analizar se é un acto de competencia desleal"

Nesta caso é evidente que non existe nin proba nin indicio algún de que concorran os tres elementos necesarios para a concorrencia do tipo da infracción do art. 3 da LDC (acto de competencia desleal, que falsee a libre competencia e que afecte ao interese público) como sinala a SUBDIC na súa proposta, xa que se trata, como xa indicamos, da denuncia da demora na execución polo Concello de Vigo dunha sentenza do TSJG.

Por ultimo conclúe a SUBDIC declarando que: "Tampouco o órgano de contratación Concello de Vigo, nin o persoal que intervén nas decisións necesarias para levar a bo termo o cumprimento da sentenza, podería ser sometido ao axuizamento da Comisión Galega da Competencia, pois nin se menciona esa autoridade e funcionarios entre os suxeitos infractores que poden ser responsables das accións ou omisións tipificadas como infraccións na Lei de defensa da competencia (artigo 61.1), nin o seu comportamento se atopa tipificado nesa lei (artigo 62)."

Á vista do exposto, non procede a incoación dun expediente sancionador polos feitos investigados ao non apreciarse indicio algún de infracción dos artigos 1, 2 e/ou 3 LDC que supoñan infracción algunha da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da Competencia, polo que o Pleno da Comisión Galega da Competencia:

RESOLVE

Primeiro.- Arquivar sen incoación o procedemento derivado do expediente CNR GAL 42-19 24 Concesión Aparcadoiros Vigo por non existir indicios fundados de infracción, nos termos previstos polo artigo 49.3 LDC.

Segundo.- Comunicar esta resolución á Subdirección de Investigación e ás partes no expediente, facendo saber que a mesma pon fin á vía administrativa e que poden interpoñer contra ela recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a contar desde a notificación.